



CONTOS CUNQUEIRÁNS

Ofrecemos unha pequena selección de contos inspirados nas creacións de Álvaro Cunqueiro que foron escritos polo alumnado de 2º de Bacharelato, si por eses, por esas, que decidiron deixarnos a pesar do moito que lles insistimos en que non o fixesen. Grazas por transmitirnos estes relatos en herdanza.

UN NEGOCIO MILLONARIO

ELMA BARREIRO

Dicían que lle aprendera súa nai, e a esta súa avoa, e así sucesivamente..., é dicir, que era aquel un deses saberes que se transmiten de nais a fillas durante xeracións.

Filomena do Picho era unha muller miúda, amiga de ir á misa e pouco faladora. Aquel loito que puxera pola morte do home e que, semellaba, nunca máis quitaría, vestíaa dos pés á cabeza e só deixaba ao descuberto unha face chuchada e pálida na que apenas se intuía vida. Porén, era ao meu parecer a muller máis extraordinaria da aldea e todo grazas a aquela habilidade súa para quitarlles a pebida ás galiñas. Eu tivera ocasión de vela en acción cando era ben pequena, pero a aquela primeira vez seguiron moitas máis. A muller collía a galiña, abríalle o peteiro e, cunha precisión de cirurxián, sacáballe a causa do seu mal. Despois mandáballe pola gorxa abaixo uns grolos de aceite do bo e a galiña abría os ollos como nunca o fixera na vida, de feito un primeirizo dubidaría de se ía camiño da curación ou da morte.

Sucedeu que pola miña comuñón meu tío Luís, que estaba facendo a mili en Cádiz, quixo agasallarme de

boa maneira e, coñecendo a miña debilidade polas galiñas, mandoume un animal desde aló. Miña nai non puido dicir nada, pois só prohibira a entrada na casa de animais de catro patas, non contando coa agudeza do tío Luís.

Era unha galiña ben pavera, con aires de grandeza e, sen dúbida, unha gran artista. E digo isto porque cada vez que poñía un ovo celebrábao cantando unhas sevillanas que aplaudía toda a aldea.

Mais, ao pouco tempo, tamén ela se viu afectada polo mal da pebida, así que acudimos miña madriña e mais eu á casa de Filomena. Esta, como sempre, demostrou o porqué da súa fama e deixou á cantante como nova. Ao mesmo tempo, decatouse do seu enorme talento e a súa malicia levouna a pensar que a gorxa do animal podía ser unha mina de cartos. Non se enganaba moito, a verdade.

Díxonos que era mellor



que o animal quedase con ela uns días para facerlle un seguimento, e nós, coitadas, accedemos. O certo foi que da muller pouco máis se soubo, polo menos por unha tempada. Polo visto convertera ao animal nunha estrela mundial, cunha axenda ateigada de concertos en distintos lugares: Bogotá, Nova Delhi e o Congo son só algúns exemplos. En canto a Filomena, disque quen a vía agora!, con vestidos floreados e os ollos relucentes polo brillo dos cartos, semellaba unha muller totalmente descoñecida.

Home, a verdade é que non lle gardo rancor, pero moito ben tampouco me pareceu!



CONTOS CUNQUEIRÁNS

A FIXACIÓN ESTÉTICA DE IVÁN

MARÍA CABANAS

Era un rapaz novo, feíño e con aparencia de boa persoa, vivía en Liñares, no concello de Santiso, preto da casa dunha rapaza nova da que se dicía que era a máis fermosa da parroquia.

Digo que se dicía porque, por moi estraño que pareza, e a pesar de ser unha rapaza nova, soamente se deixaba ver así que caía a noitiña. Era costume para ela pasear toda acicalada polo camiño principal e, casualmente, vivía nunha punta da aldea onde empezaba a súa ruta. Tamén pasaba por diante da igrexa, da casa de Ovidio... rematando a súa camiñada na "Casa Grande".

Iván, que así se chamaba o rapaz, a pesar do rariña que era a pobre, estaba profundamente namorado dela e sempre saía vela á ventá cando ela pasaba xunto á parada do autobús. Unha noite decidiuse a pedirlle para saír e a resposta da rapaza foi positiva cunha soa condición, que soamente se poderían ver cando caese a noite, e ás aforas da aldea, preto dun regueiro que pasaba pola leira de Ovidio.

Cando xa levaban bastante tempo, Iván, canso de que ninguén lle crese cando dicía que estaba a saír coa moza, e de que incluso algunhas vellas meigas da aldea dixesen que se volvera tolo por amor, decidiu quedar con ela polas catro da tarde, cando os homes da aldea se reunían xunto ao cruceiro que

estaba fronte á igrexa para falar de temas comunais. Pero ela negouse e, enfadado, ao día seguinte foina buscar á súa casa polas catro, e foi cando topou de fronte co problema.

Atopou diante da casa a unha rapaza nova, moi fea e coa roupa da súa moza, pero o máis sorprendente para el non foi iso, senón que cando a nai da súa moza saíu para fóra, a rapaza dirixiuse a ela chamándolle *mamá*. Cabreado, Iván dirixiuse cara a ela e preguntoulle por que lle chamara así a aquela señora e ela, nerviosa, non soubo que responder e botouse a chorar. Logo, máis tranquila, explicoulle que o que estaba vendo era o seu aspecto real e que unha meiga lle conferira o privilexio de poder ser fermosa soamente pola noite.

Despois de oír todo isto, Iván pegoulle un empuxón e tirouna ao chan, dicíndolle:

Que pensabas, que isto era un conto de amor? Soamente estaba contigo pola túa extrema fermosura, pero despois de saber isto, non te quero volver ver nunca máis, nin sequera por casualidade na rúa, porque me dás noxo! Oíchesme? Noxo!

Despois disto non se volveu saber máis da rapaza e Iván agora está casado cunha fermosísima avogada.



MANUEL SALGUEIRO, O ENTERRADOR

ANTONIO FERNÁNDEZ

Manuel Salgueiro residía desde había dez anos en Maroxo, unha parroquia pertencente ao concello de Arzúa. A súa vida fora sempre moi pouco comprometida, xa que fora abandonado polos seus pais desde o día en que nacera. Don Xosé, o crego da parroquia, recolleuno un día de treboada á súa porta, e el mesmo lle puxo ese nome, aínda que a xente xa lle tiña posto o alcume de "O enterrador", precisamente polo traballo que lle asignara don Xosé.

A vida de Manuel era moi tranquila e o traballo deixáballe tempo para axudarlle ao crego noutras tarefas, e sempre lle tiña convenientemente preparada a igrexa para os actos máis solemnes. A vida de Manuel, así e todo, deu un xiro tremendo



CONTOS CUNQUEIRÁNS

que lle afectaría á súa vida social.

Como todos os días despois dun enterro, foi á noitiña comprobar o estado do cemiterio. Esa noite viña o vento do norte, e era frío, xa que a muller do tempo prognosticara un cambio, cando de súpeto Manuel escoitou un berro de axuda que proviña do cadaleito aínda quente. Asustado, marchou correndo contarlle a don Xosé, que non lle deu creto ao que lle dicía o seu axudante. Ao día seguinte, para deixar tranquila a súa conciencia, decidiu levantar o ataúde. A familia do defunto sentiuse moi ofendida, pero o que encontraron non foi simplemente un cadáver, senón a persoa morta coa cara toda rabuñada e o cadaleito esgazado. O rostro do morto era a pura fotografía da desesperación.

Foi a ocasión na que Manuel demostrou con máis claridade que era un profesional dos enterros e que sabía perfectamente cando as cousas non se facían ben.

ERNESTO DE CAMPOS

SURIÑA VÁZQUEZ

Ernesto de Campos era a persoa máis famosa entre a eira de Ramón, o Arxentino, e a taberna de Doloretas, é dicir, non era máis coñecido ca vostedes ou ca min, pero sen dúbida tiña algo especial: unha alma apaixonada e corenta e un anos, sete meses e vinte e seis días sen lograr reter a unha muller máis de cinco minutos ao seu lado.

Certamente era un caso curioso, pois non era un home desagradable á vista, máis ben todo o contrario. Alto e forte coma un carballo, tiña certa mirada pícara, desas que fan que as mulleres comecen a murmurar entre elas e a chiscar os ollos como se tivesen conxuntivite. Non, o seu problema era outro, en canto abría a boca todas fuxían correndo e tentando non escachar de risa até estar a uns cantos metros de distancia, cousa que nunca lograban, por suposto. Despois chegaba o comentario de sempre:

- Ten a voz dun neno cantor de Viena!

Efectivamente, Ernesto tivera exactamente a mesma voz desde que era cativo, unha voz case de muller. Ao primeiro, evidentemente parecíalle algo normal, pero ao chegar á adolescencia comezara a preocuparse.

- Distensión irreversible das cordas vocais.

Ese era o problema dos médicos, encantáballes dicir que algo era irreversible soamente por non ter que traballar.

- E irá a peor, chegará un momento en que non sexa capaz de controlar a súa voz en absoluto e cantará todo o tempo.

Así que Ernesto perdeu definitivamente a esperanza, nunca atoparía unha dona. Mesmo pensara en contratar cos poucos cartos que tiña unha desas que lles chaman alcaiotas, pero, para que?, nin un esconxuro serviría, estaba seguro de que a súa voz, que alcanzaba o Si sostido,

sería capaz de espertar a unha muller até da hipnose.

Tan pouca ledicia lle quedaba xa que, festeiro como el era, nin sequera acudía ás romarías, até que un día tivo que acompañar a súa nai, coa que aínda vivía, ás grandes festas de Campos. Coma sempre, apartouse e sentou nun recuncho sen ánimo ningún para intentar encandear moza ningunha, e aburrido como estaba, de súpeto escoitou o máis marabilloso que oíra na súa vida, unha voz potente de tenor que mesmo se escoitaba por riba do bulicio da festa. Esa era a voz que quería para si, aínda que non deixaba de ser sorprendente que trouxesen á festa de Campos un tenor; estilábanse máis as muiñeiras. De modo que se virou para velo, pero ficou abraiado, a voz cantora non proviña dun tenor traxado, senón da muller máis fermosa que vira na súa vida.

Non fai falla dicir que, dadas as circunstancias, namoráronse e casaron en menos dun ano. O que si é máis misterioso é o seu paradoxo. Despois de teren sete fillos, desapareceron todos haberá uns dous anos. En Campos non se volveu saber deles. Algúns din que a nai de Ernesto os botara da casa, vasoira en man, non podendo aturar por máis tempo a serenata de nove cantantes na casa, mais outros din que formaron un coro e que agora actuaban nun deses *shows* que se estilan. Quen sabe.



CONTOS CUNQUEIRÁNS

O OVO DO SEÑOR

AGRA

RAQUEL SÁNCHEZ

O señor Conde, que presumía de ter un alto apelido, non era máis que un donninguén de orixe humilde, que habitaba nas terras de Santiso. Vivía só, en compañía dun can famento. Tiña como único afán comer e beber xunto ao seu mellor amigo da infancia, o señor Andrés Agra, que vivía coa súa irmá solteirona. Os dous eran veciños da parroquia de Visantoña.

Dun tempo para acá era costume ver aos borrachos polas gabias da parroquia, cuns farrapos rachados e con aspecto de mendigos.

Dona Ramona era unha muller católica e amiga de ir á misa co fin de coñecer o alleo. Tiña de peculiar que vivía á beira do río Ulla, onde se sitúa unha illa cun só habitante, un pato, o cal atravesaba o encoro nadando todos os días ata a palleira do fogar de dona Ramona, onde poñía tres ovos cada día. Pero cada dous anos, ademais, poñía un ovo un tanto especial no mes de maio.

Como todos os domingos, a señora Ramona ía vender os ovos a Melide. Era unha madrugada cando camiñaba polas estradas principais. Topou co señor Conde e co señor Agra, ambos borrachos. Ela, moi agarimosa e amable, díxolle ao señor Conde, que era co que máis trato tiña:

- Bos días, señor Conde! Seica o botaron fóra da

casa! -no ton utilizado identificábase un aquel irónico.

Responde o señor Conde cunha voz rouca:

- Si, iamos agora falar cun tratante, pero estamos algo famentos. Ei! Aínda nos dá tempo de nos prepares un deses ovos que levas aí!

De contado a dona retirouse seguindo o seu camiño, sen darse conta de que o señor Agra lle collera un ovo, precisamente aquel ovo tan especial que viña ao mundo no mes de maio, cheo de cores, cunha textura máis dura, e algo máis grande do habitual. Pero el non se deu conta destas características polos efectos do alcohol e, silandeiramente, gardouno no peto do pantalón de pana e levouno para a casa, onde llo entregou á súa irmá para que llo fixese.

Ela, de seguida se deu conta de que aquel ovo era do pato do río Ulla, como contaba a lenda que coñecía todo o mundo nos arredores da parroquia. Como estaba farta de aturar a conduta de seu irmán, decidiu darllo ao mediodía, á hora de xantar. Ao cabo de dúas horas, despois da sesta, o señor Agra espertou e o primeiro que fixo, como de costume, foi mirar ao ceo. Era unha



tarde de primavera, xa entrando no verán, o sol lanzaba os seus raios con pouca forza, encubertos por unhas nubes escuras que presaxiaban auga. De seguido, observou as súas mans e os brazos, e decatouse de que tiñan cores, e entón foi cando relacionou o seu aspecto coa lenda do pato. Achegouse á súa irmá e díxolle:

- Ai Andrés, que che pasou?

- Ti ben sabes, pero regresarei cando o sol e as nubes dean os seus froitos.

Ficou no momento. E a muller observou o ceo. Efectivamente, alí estaba no medio do río que se deslizaba formando un arco.